

RESOLUCIÓN REITORAL DO 25 DE NOVEMBRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS, NO RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA FACILITAR A MOBILIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR DA USC DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2022-2023

A Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público, que ten entre as súas finalidades a creación, desenvolvemento e transmisión crítica do coñecemento; a difusión, valorización e transferencia dese coñecemento, así como o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta.

Para contribuír a acadar eses obxectivos, cómpre impulsar medidas que faciliten a participación das persoas da comunidade investigadora da USC en reunións científicas e eventos que teñan como obxectivo a creación e transmisión do coñecemento mencionado.

Coa dita finalidade, apróbase a presente convocatoria interna de axudas á mobilidade.

O procedemento de concesión será o de réxime de concorrència non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exceptuando do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei. Así mesmo, empregarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007.

Artigo 1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto da convocatoria é co-financiar os desprazamentos fóra de Galicia de persoal investigador ou persoal de apoio á investigación vinculado á USC, que non contén con outra fonte de financiamento que se realicen ou que tivesen lugar entre o **1 de outubro de 2022** ata o **31 de xullo de 2023** co fin de:

- Participar activamente en congresos científicos nacionais ou internacionais.
- Realizar estadias curtas para actividades de investigación.
- Asistir e participar en actividades formativas de curta duración, relacionada co posto de traballo.

Artigo 2. Orzamento

O importe total do orzamento irá destinado á financiar as solicitudes de axudas á mobilidade que cumpran os requisitos indicados nesta convocatoria ata un total de

25.000 euros, con cargo á partida orzamentaria **8050-2302-64600**, e a súa distribución temporal será a indicada no artigo 3.

O crédito mencionado poderá ampliarse no caso de se obteren fondos finalistas para a mesma finalidade, ou ben con recursos propios, cando deriven dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

Artigo 3. Ámbito temporal, crédito e prazos de solicitude

Co fin de distribuír temporalmente os recursos dispoñibles, o programa estrutúrase en tres etapas temporais. Para cada unha delas indícase o crédito reservado e establécese un prazo de solicitudes:

Período	Viaxes ou eventos realizados nas datas	Crédito	Prazo de solilcitude da axuda
1	Entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2022	5.000	Desde o 21 de novembro ao 15 de decembro de 2022
2	Entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2023	10.000	Desde o 15 de decembro de 2022 ao 28 de febreiro de 2023
3	Entre o 1 de abril e o 31 de xullo de 2023	10.000	Desde o 15 de marmzo ao 30 de xuño de 2023

No caso de non se esgotar o crédito en cada un dos dous primeiros períodos, acumularíase no inmediatamente seguinte.

Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes deberán pertencer ao colectivo do persoal investigador ou persoal de apoio á investigación da USC, e non poder acceder a axudas para a mesma finalidade procedentes doutras convocatorias. Por esta razón quedan excluídas as persoas destes colectivos que estean adscritas aos centros singulares de investigación e aquelas integradas en grupos de referencia competitiva.

No caso dos investigadores predoutorais, deberán estar matriculados nun programa de doutoramento da USC. O requisito de vinculación e matrícula deberá manterse durante as datas de celebración do congreso, curso, etc. Poderán igualmente ser beneficiarias as persoas con contratos de interinidade por vacante nos cadros de PDI.

Artigo 5. Características dos gastos elixibles.

Financiaranse con cargo a estas axudas unicamente gastos efectivamente realizados derivados de desprazamentos e inscricións nos eventos previstos que se realicen nas datas indicadas no artigo 1, sempre que non contén con outra fonte de financiamento.

O importe máximo que se pode financiar será de 100 euros por día, ata un máximo de 300 euros.

Con cargo a esta convocatoria só se financiara unha axuda por solicitante en calquera dos tres períodos os que fai referencia o artigo 3 desta convocatoria.

Artigo 6. Formalización de solicitudes.

A presentación de solicitudes irá dirixida á Area de Xestión da Investigación a través da sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>), achegando a información no modelo que figura como **Anexo I**, que irá dirixida á Vicerreitoría de Política Científica.

Na solicitude debe constar a seguinte información:

- Datos persoais, vinculación coa USC e grupo de investigación no que está integrada a persoa solicitante.
- Certificación ou documento acreditativo da conta bancaria, no caso de non ser perceptor de nómina da USC.
- Breve explicación do interese científico do evento no que se pretende participar para o traballo desenvolto na USC.
- Relación dos gastos previstos derivados da actividade que se pretende realizar.

Artigo 7. Instrución e tramitación do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Subárea de Convocatorias e de RRHH da Area de Xestión da Investigación da Universidade de Santiago de Compostela.

Mensualmente publicarase unha resolución provisional de admitidos e excluídos no [Taboleiro Electrónico](#) da USC, que poderá consultarse tamén na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica con indicación, das causas de exclusión.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de tres días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión. Se transcorrido o devandito prazo non se subsanou a solicitude entenderase por desistida da súa petición.

A subsanación farase unicamente a través da sede electrónica da USC, e as solicitudes serán dirixidas a Area de Xestión da Investigación.

Rematado o prazo de subsanación publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos con respecto ás solicitudes recibidas no mes anterior, con indicación dos importes de axuda adxudicados.

Artigo 8. Concesión das axudas.

De acordo co indicado no último parágrafo do artigo 7, en cada unha das etapas temporais definidas no artigo 3, a concesión das axudas, para aquelas persoas que cumpran os requisitos, outorgarase por orde rigorosa de presentación das solicitudes.

Artigo 9. Libramento da axuda

O importe concedido a cada persoa beneficiaria abonarase por transferencia bancaria unha vez recibida e verificada a declaración responsable que se empregará como conta xustificativa, coas condicións que se especifican no apartado seguinte.

Artigo 10. Xustificación da axuda

A xustificación da axuda recibida farase mediante a presentación dunha declaración responsable na que conste a información detallada dos gastos, empregando para iso o modelo do Anexo 2.

Adicionalmente, a Área de Xestión da Investigación solicitará a acreditación documental dos gastos derivados nos que incorrera a persoa beneficiaria a unha mostra aleatoria de persoas que será, como mínimo, do 10% das axudas concedidas, no prazo de un mes desde a presentación da declaración indicada no parágrafo anterior. Nestes casos, será obrigatorio a presentación ordenada da documentación que acredite os gastos, relacionada da forma indicada no Anexo 2.

No caso de non acreditar documentalmente os gastos realizados e contidos na declaración responsable, a persoa beneficiaria estará obrigada ao reembolso da totalidade da axuda concedida. A USC, se fora o caso, utilizará os mecanismos de constrinximento que prevé a lexislación aplicable para recuperar os ditos importes, sen prexuízo das accións sancionadoras que proceda aplicar.

As presentes axudas son compatibles con calquera outra, sempre que o custe da actividade subvencionada non sexa superior á suma das axudas. Nese caso a contía reduciríase ata cubrir unicamente os gastos acreditados.

Artigo 11. Recursos

Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición final.

Para o que non estea previsto nesta resolución, seralle aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación ou anulación da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

Anexo 1
AXUDAS Á MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR DA USC
CONVOCATORIA CURSO 2022-2023

Formulario de Solicitud		
Apelidos e nome da persoa solicitante		
DNI		
Tipo de vinculación coa USC		
Grupo de investigación		
Conta bancaria (IBAN, 20 díxitos separados por guións). É preciso acreditarla se a persoa non é perceptora de nómina da USC		
Evento ao que se pretende asistir (denominación e lugar)		
Datas de celebración do evento		
Breve explicación do interese científico do evento		
Relación detallada de gastos previstos		
Concepto de gasto e emisor da factura (engadir as filas necesarias)	Importe (base imponible)	
1		
2		
3		
4		
TOTAL		

Data:	
Sinatura electrónica	

Anexo 2

AXUDAS Á MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR DA USC CONVOCATORIA CURSO 2022-2023

Declaración responsable da axuda recibida

Apelidos e nome da persoa solicitante	
DNI	
Evento ao que se asistiu e lugar de celebración	
Datas de celebración	

DECLARO RESPONSABLEMENTE que os gastos que se indican a continuación corresponden á asistencia ao evento financiado coa axuda da USC

Concepto de gasto e emisor da factura (engadir as filas necesarias)	Importe (base imponible)
1	
2	
3	
4	
TOTAL	
Non obtiven outras axudas para a mesma finalidade de forma que, separada ou conxuntamente, superen o custe que declaro	

Confirmo que coñezo as condicións establecidas na convocatoria e que, no caso de ser solicitada pola Área de Xestión da Investigación, achegarei de forma ordenada os xustificantes de gasto que acreditan o indicado na táboa anterior.

Data:	
Sinatura electrónica	
Persoa que asina:	

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/11/2022 14:11:48.

CSV: A0DE-296F-40CD-A05B